



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE O PEREIRO DE AGUIAR PARA A 2ª FASE DA RESTAURACIÓN DA VIVENDA DE BEN-CHO-SHEY

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de O Pereiro de Aguiar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de O Pereiro de Aguiar para levar a cabo a 2ª fase da restauración da vivenda de Ben Cho-Shey.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de O Pereiro de Aguiar adquiriu a casa onde viviu Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben Cho Shey, na súa época de mestre na escola de Santa Marta de Moreiras (O Pereiro de Aguiar), sitio onde emprendeu unha investigación etnográfica, que acabou recollendo na súa obra Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensá, que sería publicada en 1969. Ao longo da súa vida foi un intenso articulista que colaborou en importantes revistas con traballos de todo tipo: arqueolóxicos, etnográficos, históricos, pedagóxicos ou heráldicos. En todos eles defende a Galicia e a súa lingua. Coa restauración desta vivenda contarase cun lugar para a divulgación da figura deste ilustre galeguista, convertíndoa nun lugar de referencia para o coñecemento e difusión do autor e da súa gran obra.

Por todo o anterior, o concello de o Pereiro de Aguiar é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

